

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ACREDITACIÓN DA FORMACIÓN IMPARTIDA POLO CONCELLO DE SANTIAGO NO MARCO DO PROXECTO “PLAN XUVENIL DE INTEGRACIÓN PROFESIONAL MOCIDADE CON EMPREGO”, COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO A TRAVÉS DA INICIATIVA DE EMPREGO XUVENIL E GARANTÍA XUVENIL.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Don José Alfonso Marnotes González, director xeral de Orientación e Promoción Laboral da consellería de Economía, Emprego e Industria, DECLARA:

Que a consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia ten previsto formalizar co concello de Santiago de Compostela (A Coruña) o instrumento convencional arriba indicado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020, prórrogas incluídas.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

“Recoller as características e condicións que debe reunir a formación impartida polo concello de Santiago de Compostela no marco do proxecto “Plan Xuvenil de Integración Profesional Mocidade con Emprego Santiago 2017-2020”, a través dos itinerarios formativos asociados ós certificados de profesionalidade (RD 682/2011, do 13 de maio; RD 627/2013, do 2 de agosto; RD 1522/2011, do 31 de outubro; RD 1694/2011, do 18 de novembro; RD 1523/2011, do 31 de outubro; RD 1077/2012, do 13 de xullo; RD 1377/2009, do 28 de agosto; RD 643/2011, do 9 de maio; RD 685/2011, do 13 de maio; RD 1376/2008, do 1 de agosto; RD 1379/2008, do 1 de agosto; e RD 642/2011, do 9 de maio), para que o alumnado participante nas mesmas, que finalice con avaliación positiva os módulos formativos asociados a cada un destes certificados de profesionalidade, poida acceder á súa expedición por parte da Xunta de Galicia.

O obxectivo da formación desenvolvida polo concello de Santiago de Compostela é proporcionar ás persoas que nela participen unha cualificación profesional que lles permita acceder con mellores condicións de empregabilidade ó mercado laboral.

A formación impartida polo concello de Santiago de Compostela desenvolverá todos os módulos formativos incluídos nos certificados de profesionalidade referidos.

Os medios materiais e didácticos, o cadro docente e os locais onde se impartirá a formación, responderán ós requirimentos esixidos nos reais decretos onde se regulan os certificados de profesionalidade correspondentes a cada itinerario”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo sinalado.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

“A Dirección Xeral de Coordinación de Competencias coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, pertencente ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Resolución de 6 de febreiro de 2017 convoca axudas AP-POEJ para o ano 2017, que se rexerán polas disposicións establecidas na Orde HAP/1337/2016, do 27 de xullo, pola que se aproban as bases reguladoras das axudas do Fondo Social Europeo previstas no Programa Operativo de Emprego Xuvenil, destinadas á integración sostible de persoas xoves no mercado de traballo, no contexto da garantía xuvenil.

As axudas AP-POEJ financiaranse mediante recursos do Fondo Social Europeo e da Iniciativa de Emprego Xuvenil, como instrumento financeiro da Garantía Xuvenil, no marco de intervención do FSE 2014-2020.

O concello de Santiago de Compostela presentou o proxecto “Plan Xuvenil de Integración Profesional Mocidade con Emprego Santiago 2017-2020” a esta convocatoria de axudas.





A través da Resolución do 6 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de relacións coas Comunidades Autónomas e Entes Locais, concedéuselle ó concello de Santiago de Compostela unha axuda para un orzamento total elixible de 1.693.440,00 euros (sendo 137.337,98 euros a achega municipal e 1.556.102,02 euros a axuda do FSE)”.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ó exposto, e coa fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta Memoria, en Santiago de Compostela

O director xeral de Orientación e Promoción Laboral
(asinado dixitalmente)
José Alfonso Marnotes González

